


TAPIZ SOBRE ROSALÍA DE CASTRO-COLECTIVO FEMINISTA DEZA-TABEIRÓS



O tapiz foi realizado polo Colectivo Feminista Deza- Tabeirós no mes de febreiro, coincidindo co aniversario de Rosalía de Castro. Nel quíxose plasmar a pegada feminista desta muller. Unha pioneira da súa época.

A composición consta de varios elementos que sintetizan a vida e obra de Rosalía. Comezamos coas figueiras e as terras. No poema *Adiós ríos, adiós fontes* a nosa estrela di así:



Miña terra, miña terra

Terra dónde me eu criei

Hortiña que quero tanto

Figueriñas que prantei

A continuación, podemos destacar os paxariños que vemos no tapiz con estes versos:

Prados, ríos, arboredas


Pinares que move o vento

Paxariños piadores

Casiña do meu contento

Este poema encóntrase no libro **Cantares Gallegos** publicados o 17 de maio de 1863 en Vigo.

Ao carón de Rosalía están uns versos do poema **tecín soia a miña tea** do libro **Follas Novas(1880)**.



Por outra banda, podemos ver como era a vestimenta de Rosalía, a vestimenta da época (XIX).



Despois, imos nomear a fouce e nela aparece o penúltimo verso do poema ***A xustiza pola man*** do Libro ***Follas Novas*** .

***Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, idun soio!, deixeiños sen vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.***

***I estonces... estonces, **cumpreuse a xusticia:**
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.***

O grupo estradense NAO púxolle música a este poema no ano 2007.


Para rematar, imos comentar estes dous elementos: a fiestra e a estrela.



Rosalía antes de morrer o 15 de xullo de 1885, pronunciou estas palabras a súa filla: **“Abre esa fiestra que quero ver o mar”**. O mar de Rosalía era a chamada ría de Padrón .Hoxe en día, leva menos auga é o río Sar.



O ano pasado, descubriuse unha novo astro e despois dunha votación, saíu gañadora o nome Rosalía e entón ,dende o 12 de decembro temos unha estrela chamada así. Pero, no ano 1994 xa lle puxeran a un cráter de Venus o nome de Rosalía .**Así que, a nosa grande ten un cráter e unha estrela no ceo.**



Ademais, o 12 de marzo de 2020 atribuíuse o nome Rosalía de Castro ao aeroporto de Santiago de Compostela. **Este feito deixa unha fiestra aberta, para dar a coñecer a nosa estrela polo mundo.**



Para concluír, o tapiz foi presentado en diferentes centros educativos estradenses pero, o 12 e 13 de novembro foi presentado no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez.

Velaquí unhas fotos da presentación:



